

Olivia Pena Arijón
Plastic Dolls Show

Editorial Laiovento, 2013

ACTO TERCEIRO / METAMORPHOSES

ESCENA DÚAS

Backstage.

MOZO

Ando á procura de esperanza e respostas.

CASANDRA

Proba a buscar no fondo da túa chistera.

MOZO

Dela só poden tirar máscaras venecianas, púcaros de flores ou bonecas; reloxos de area ou algún animalíño que me axude a recrear o fascinio da maxia. Só en ti podería encontrar o que procuro.

CASANDRA

A esperanza hai tempo que se esvaeu e respostas nunca tiven, só preguntas. Con todo, ás veces soño coa alba.

MOZO

A alba é a orixe da vida. Ti es a miña alba.

CASANDRA

Eu só son un pesadelo para quen me transitar. Ou unha sombra.

MOZO

Podería converterte en madreSelva cun beixo.

CASANDRA

Precisarías algo máis ca un truco de prestidixitador.

MOZO

De feito, creo que non precisaría maxia ningunha.

CASANDRA

Son hedra velenosa. Morrerías ao instante, nada máis tocarme.

MOZO

A natureza concedeume o don da inmunidade a todos os velenos.

CASANDRA

Eu só podó ofrecerche agoiros e presaxios que ninguén cre, como soños dun home esperto.

MOZO

Eu son ese home. Estou esperto e sóñote. E ámote.

CASANDRA

O amor é efémero como as fases da lúa. Aínda que agora creas amarme, aos tres segundos esqueceraste de min, igual ca un peixe. Tres segundos de memoria. A loucura traerá o esquecemento.

MOZO

A loucura é o finximento que tecestes todos os habitantes deste antro para fuxirdes da crueldade da vida.

CASANDRA

É unha arañeira. Cando te decatás, xa non es quen de te librares dela. Apodérase de ti. E deixa de ser un xogo. Convértese nunha realidade que vos espanta de vez.

MOZO

A quen?

CASANDRA

A calquera. A todos, de feito. Ninguén ousa ficar ao abeiro desta loucura moito tempo.

MOZO

Eu quero que me fales desa loucura, e dos soños. Do amor.

CASANDRA

Non acreditarías. Os meus soños son soños agoirentos. En soños vin o futuro sombrío, coma un pesadelo. Ninguén me creu nunca.

MOZO

Eu acredito en ti, Casandra. Comigo nunca estarás soa.

CASANDRA

Acabarías por non acreditar. Esa é a maldición con que fun condenada. A xente non ve máis que delirio nos meus agoiros. Non soportan escoitar a verdade, nin sequera as persoas máis próximas a min.

MOZO

Aínda hai esperanza para ti. Outros soños a agardaren.

CASANDRA

A luz do amencer a brillar detrás da porta?

MOZO

Xuntos soñaríamos os versos dos poemas que aínda non se escribiron, danzaríamos entre as páxinas das novelas que non se esquecen. Poderíamos voar arredor da lúa.

CASANDRA

Bícame.

MOZO

Na túa boca agromarán flores brancas.

CASANDRA

Tirarei a máscara do medo.

MOZO

Esconxuraremos a túa maldición.

ESCENA TRES

Navy-bar.

STEPHEN DEDALUS

Acreditei nas túas palabras durante aquel breve encontro no inverno berlinés. Vin a sinceridade tatuada na túa pel de neve cando xuraches que dentro de ti habitaba unha muller chamada Inés. Souben recoñecela nas ilusións que deseñaron os teus labios verdes. Adiviñeina nos movementos sutís daquelas mans, masculinas mais deliciosamente finas, e eróticas. Toda ti –todo el– desprendías erotismo, xa daquela porque, realmente, Inés existía e loitaba baixo o casulo masculino.

JULIETTE

Non vexo a relación.

STEPHEN DEDALUS

Que, desta volta, non acredito en ti. Que, baixo a maquillaxe e o rímmel das pestanas postizas e a purpurina, sigo vendo a mesma Inés que entón.

JULIETTE

Inés só foi un período de transición.

STEPHEN DEDALUS

Inés foi unha vida enteira. Pasaron vinte anos daquel encontro e xa non es unha moza para te entreteres con falsos dilemas identitarios.

JULIETTE

Na realidade, Dedalus, non existe dilema ningún. Eu son Juliette. Xulieta, se queres. Sempre o souben.

STEPHEN DEDALUS

Esa obcecación vaite conducir ao abismo.

JULIETTE

Tes razón. O amor é un abismo que se abriu, de súpeto, aos meus pés. A aparición de Romeo no cabaré foi como un remuíño brutal. Non deixou cousa con cousa ao seu paso.

STEPHEN DEDALUS

Ningún amor é tan destrutivo.

JULIETTE

Esa foi sempre a condena dos amores inmorredoiros.

STEPHEN DEDALUS

Ás veces paga a pena un pouco de paz e non perdurar no tempo.

JULIETTE

O amor que se esquece é o único que non pagou a pena.

STEPHEN DEDALUS

Preferirías recordar o tormento?

JULIETTE

Co tempo, os sentimentos máis terríbeis acaban confundidos.

STEPHEN DEDALUS

E mitifícanse os momentos felices, se é que os houbo.

JULIETTE

Sempre os hai.

STEPHEN DEDALUS

E, se non, confundiranse adrede as palabras, os feitos, as intencións ocultas ou os sentimentos nunca confesados.

JULIETTE

Xuroume amor.

STEPHEN DEDALUS

Xuraríallo á propia nai se for preciso.

JULIETTE

Romeo non é desa caste de homes.

STEPHEN DEDALUS

Só un mozo vividor que pretende divertirse dúas noites coa *vedette* dun antro de reputación dubidosa.

JULIETTE

Esqueces que houbo un tempo en que este cabaré aínda non era o inframundo en que acabou por se converter. Eramos artistas de sona, desexados nos mellores locais do mundo, adorados polo público. Elsinor era daquela un auténtico paraíso.

STEPHEN DEDALUS

Xa choveu.

JULIETTE

Tivemos mala sorte, mais non por iso somos máis desprezábeis. E a xente aínda nos recorda.

STEPHEN DEDALUS

Que xente?

JULIETTE

Oh, Dedalus, toda. Toda a que segue vindo ás estreas de cada espectáculo, sen ir máis lonxe.

STEPHEN DEDALUS

A estas alturas, todos o fan por compaixón.

JULIETTE

De verdade pensas que xa non lles gusto?

STEPHEN DEDALUS

Non é esa a cuestión. Seguramente si, como ía ser doutro xeito se nós propios vivimos rendidos aos teus encantos? Porén, Romeo—

JULIETTE

Romeo, que?

STEPHEN DEDALUS

Non o ves.

JULIETTE

O que?

STEPHEN DEDALUS

Romeo non é o amor que sempre soñaches. Ti mereces outro tipo de home, non un adolescente desnortado que parou aquí; que se refuxiará nesta sordidez en canto non se oriente e decida que facer coa vida; cando se decate de que Juliette podería ser súa nai e de que nin sequera existe.

JULIETTE

Como podes dicir iso.

STEPHEN DEDALUS

Aquí ninguén existe. Vivimos outras vidas, outras traxedias, e xa nin sequera é fácil saber quen é quen. Por iso cómpre non nos deixarmos levar por arroutadas e meditarmos cada paso que damos.

JULIETTE

E por iso pensades que o amor de Romeo é un finximento?

STEPHEN DEDALUS

É posíbel que nin el propio sexa consciente. Porén, cada beixo que vos regalades, cada vez que musitas o seu nome, cada vez que te abandonas a esta felicidade efémera dás máis un paso cara á traxedia.

JULIETTE

El ámame.

STEPHEN DEDALUS

Tanto ten. O desenlace desa aventura leva séculos escrito.

JULIETTE

Non comprendo.

STEPHEN DEDALUS

Cantas veces recitamos xuntos eses versos en Berlín? Cantas veces os recitaches para Casandra e Ofelia, para Ulises? Cantas veces xogaches a ser Xulieta?

JULIETTE

...

STEPHEN DEDALUS

Non deixes que o fascinio de te converteres en Juliette para o novo espectáculo te cegue. Non te deixes levar pola emoción de coñecer un poeta chamado Romeo. Aquela historia xa está escrita e tiña un final imposibelmente trágico. Non teimes en revivila; nela non hai salvación.

JULIETTE

A quen lle importa.

STEPHEN DEDALUS

A todos.

JULIETTE

Non podo.

STEPHEN DEDALUS

Non podes, que?

JULIETTE

Non podo deixar de ser Juliette.

STEPHEN DEDALUS

Por Romeo?

JULIETTE

Oh, Dedalus, non sexas inxenuo. Non ves que, no fondo, tanto ten?

STEPHEN DEDALUS

Que dis?

JULIETTE

Morrerei cando deixe de ser Juliette.

STEPHEN DEDALUS

Agora o que non comprende son eu.

JULIETTE

Que non concibo a miña vida sen ela.